



Obxecto:	Solicitud de informe Estudio de impacto ambiental e Proxecto sectorial
Proxecto:	Parque eólico Suíme
Localización:	Rodeiro (Pontevedra)
Promotor :	Greenalia Wind Power, S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
S/clave:	IN408A/2018/07
Data rexistro:	25.10.2021
Expediente :	03.I.544.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía), A2923/2019 (Servizo de Arquitectura) e SPR-2022-0284.AUI (Consello Asesor dos Camiños de Santiago)

O 25.10.2021 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados "*Estudio de Impacto Ambiental del parque eólico Suíme en el término municipal de Rodeiro (Pontevedra). Julio 2021*" e "*Proyecto sectorial del parque eólico Suíme en el término municipal de Rodeiro (Pontevedra). Marzo 2020*".

O 01.03.2022 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2022. Facílitate a ligazón para descargar o documento titulado "*Documento anexo al estudio de impacto sobre bienes culturales del parque eólico Suíme en el término municipal de Rodeiro (Pontevedra). Estudio de impacto visual*".

ANTECEDENTES:

O 22.11.2019 a directora xeral de patrimonio Cultural autorizara o arqueólogo Mario César Vila, da empresa Horizonte Norte S.L., para realizar unha Prospección Arqueolóxica para Estudio de Impacto sobre Bens Arqueolóxicos Parque Eólico Suíme (Rodeiro, Pontevedra), de acordo co proxecto de intervención presentado o 08.03.2020 pola sociedade promotora, Greenalia Wind Power, S.L.U. Este proxecto de intervención recibiu o código CT 102A 2019/687-0.

O 20.12.2019 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitira un informe, no trámite de consultas no procedemento de Avaliación do Impacto Ambiental Ordinaria do Parque Eólico Suíme, no que se estableceu a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*





- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)*

A vista da documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- Segundo a documentación remitida, o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 30 MW, composto de 6 aeroxeradores cunha potencia unitaria nominal de 5 MW, 102,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/132 kV, edificio de control e instalacións auxiliares.
- Os viarios do parque están deseñados para transportar as máquinas e contemplan executar semianchos de 2,50 metros, cunetas de terra e noiros. Os radios de curvatura mínimos están por riba dos 30 metros. De acordo coa planimetría achegada en formato shp, estes vieiros chegan a acadar nalgún punto da súa traza un ancho total de arredor dos 16 metros. A lonxitude dos vieiros proxectados ascende a 7.367 metros, dos que 3.129 serán vieiros de nova execución e 4.238 vieiros existentes que cómpre acondicionar.
- No documento non se contempla a infraestrutura de evacuación do parque. Polo que se desprende da documentación achegada, a liña de evacuación precisará a redacción dun proxecto de construción de liña de alta tensión (LAT) a 123 KV. A documentación expón que ese proxecto está en fase de desenvolvemento de enxeñería, con previsión de entrega no segundo semestre do ano 2020. Porén, a liña de evacuación si vén incluída no anexo VI *Estudio de efectos sinérgicos*, no que se tratan os efectos acumulativos do parque eólico e as infraestruturas da contorna.
- Contémplase construír unha subestación que ocupará arredor de 1.200 metros cadrados e ao seu carón instalárase unha zona de acopio de materiais cunha superficie de 1.310 metros cadrados, sendo a ocupación total destas infraestruturas de 5.300 metros cadrados.
- As gabias de cableado do parque terán a unha lonxitude total de 6.843 metros.
- No documento ambiental valóranse dúas alternativas para o emprazamento dos aeroxeradores e accesos, sendo elixida a alternativa 2 para ambos casos, por provocar, segundo dos redactores, un menor número de restricións ambientais. Cómpre sinalar que a alternativa 1 coincide coa elixida no Documento de inicio. Ambas se diferencian no número, modelo e posición dos aeroxeradores e nos accesos.
- O acceso ao parque eólico, segundo a alternativa 2, está previsto desde Rodeiro pola estrada PO-212 (Rodeiro- Agolada), con saída no PQ 12,8, desde o que partirá unha pista de nova traza cara ao viario interior do parque.
- En relación co **patrimonio cultural**, no apartado 7 *Inventario*, punto 7.6.6 *Patrimonio cultural y etnográfico* lévese a cabo a primeira identificación do patrimonio cultural e recóllese un listado que inclúe nove elementos de carácter arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, e que non se corresponde co listado de bens que se recolle no Anexo IX, *Estudio de Impacto sobre el patrimonio cultural*, asinado polo arqueólogo Mario César Vila. Neste documento recóllese un total de 12 elementos do patrimonio cultural, tres máis dos indicados.

No punto 7.6.7 *Camino de Santiago* indícase que dentro da poligonal do proxecto, discorre o Camiño de Santiago, Camiño de Inverno, situándose o punto máis próximo a uns 800 m do aeroxerador AE7. Respecto ao Camiño de Santiago, tamén o punto 7.5 *Medio perceptible* indica que, no tramo do Camiño de Inverno, entre A Feira e Camba, e tendo en conta a conca visual potencial do proxecto, poderían verse 1, 2, 3 ou 4 aeroxeradores, segundo os tramos.

O apartado 8 *Identificación y valoración de impactos ambientales*, punto 8.3.3.1 *Afección a elementos del patrimonio cultural*, remite novamente ao anexo IX, detalla os impactos sobre bens patrimoniais nas distintas fases, sendo severo na fase de construción, e considera o impacto global como negativo e significativo.



O apartado 9 *Medidas preventivas, protectoras y correctoras*, punto 9.11 *Medidas sobre el patrimonio cultural y etnográfico*, recolle as medidas de carácter xenérico e específico, que son as establecidas no antedito anexo.

- No anexo VI, dedicado aos efectos sinérxicos, non se fai unha análise destes sobre o patrimonio cultural. Dentro deste anexo hai referencias a algún dos xacementos arqueolóxicos presentes nas comarcas limítrofes, coma no Val de Camba ou A Ulloa, pero non se fai referencia aos xacementos situados dentro da poligonal do parque nin no perímetro de 200 metros da liña de evacuación. A análise dos efectos sinérxicos só se fai dende o punto de vista dos efectos sobre o turismo.
- Como **anexo IX** achégase o documento "*Prospección arqueolóxica para el estudio de impacto sobre bienes culturales. Marzo 2021*". Este documento inclúe o Informe-memoria técnica, asinada en xullo de 2021, polo arqueólogo Mario César Vila da empresa Horizontenorte. Segundo este documento foron identificados, no ámbito de estudo, un total de 12 elementos do patrimonio cultural: 5 de carácter arqueolóxico, 1 de carácter arquitectónico e 6 etnolóxicos. O documento presenta fichas individualizadas dos bens afectados, coa valoración do impacto sobre os bens localizados no buffer de 200 metros das obras e unha proposta de medidas protectoras e correctoras.

Os elementos arqueolóxicos recollidos nas fichas e as distancias das obras respecto aos elementos arqueolóxicos son as seguintes:

Código	Nome	Axente do impacto/Distancia	Impacto
GA36047161	Petróglifo 2 de Os Salgueiros	Vieiro principal do parque sitúase a 180 m ao W	Non se aprecia
GA36047145	Mámoa 1 de Lamazares	Vieiro principal do parque sitúase a 198 m ao SE	Non se aprecia
GA36047146	Mámoa 2 de Lamazares	Vieiro principal do parque sitúase a 159 m ao SE	Non se aprecia
GA36047110	Mámoa 3 dos Salgueiros-Augalevada	Vieiro principal do parque sitúase a 159 m ao SE	Non se aprecia
	Mámoa 3 de Lamazares	Vieiro principal do parque sitúase a 177 m ao E	Non se aprecia

Os elementos arquitectónicos e etnográficos son os seguintes:

- Muros** (identificados cos códigos E01, E03, E04, E09 e E12). Trátase de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco que parcelan fincas e delimitan camiños. De forma xeral, están afectados directamente polos viarios e emprazamento dos aeroxeradores. Cualifícase o impacto como severo e propóñense como medidas correctoras de carácter específico:
 - Balizado do límite externo de obra.
 - Documentación exhaustiva das estruturas.
 - Control e seguimento arqueolóxico.
 - Nas zonas con muros non afectadas polas obras evítase a afección sobre eles, a fin de manter a conservación de ditos elementos.
- Pazo de Lamazares. San Xoán de Camba** (E07). Trátase dun conxunto pacego formado por varios corpos e dependencias anexas (cortes, hórreos e pombal), con portada ameada e con escudo. O viario existente Eixo 05, sitúase a 66 m do ben. Cualifícase o impacto como compatible. Non se establecen medidas correctoras de carácter específico.
- Mina de auga de Lamazares** (E08) Trátase dunha mina delimitada por muros de cachotería con dúas pás de granito. Localízase ao pé do camiño existente no que se proxecta o Eixo 05 polo que resulta directamente afectada. Cualifícase o impacto como severo e propóñense como medidas correctoras de carácter específico:
 - Desprazamento do viario Eixo 05, de xeito que o elemento non resulte afectado.
 - Balizado do elemento e do límite externo de obra.
 - Control e seguimento arqueolóxico.





Como medidas correctoras de carácter xeral, propóñense no *estudio de impacto sobre los bienes patrimoniales* as seguintes:

- Os elementos arqueolóxicos e do patrimonio cultural detectados deberán ser recollidos nos planos de obra.
- Previamente ao comezo das actuacións balizaranse os elementos con materiais duradeiros pero o suficientemente flexibles como para permitir o retorno ás condicións anteriores, evitando calquera agresión directa sobre os elementos coa prohibición de realizar na superficie acoutada ningunha actividade relacionada coa obra. O balizado e sinalización dos elementos será executado baixo a dirección dun equipo arqueolóxico convenientemente autorizado pola DXPC.
- Aplicación das medidas correctoras específicas deseñadas para os elementos.
- Extremar as precaucións no tránsito e accións a desenvolver na contorna dos elementos.
- Previamente ao comezo das obras o equipo encargado dos traballos de seguimento e control arqueolóxico das obras manterá unha reunión cos responsables de obra co fin de informar da localización exacta dos elementos, así como das medidas correctoras a aplicar.
- Seguimento e control arqueolóxico dos traballos de roza e primeira limpeza dos terreos. O seu obxectivo é o de facilitar a detección de elementos que non puideron ser localizados durante o traballo de campo previo, para así establecer novas medidas correctoras que garantan a súa conservación, o cal é de singular importancia xa que durante a prospección varios tramos non puideron ser suficientemente prospectados debido á vexetación existente.
- Seguimento e control arqueolóxico descontinuo dos desmontes e remocións previstas.
- Se durante a execución dos traballos ou durante a fase previa de limpeza e roza fosen detectados novos elementos arqueolóxicos ou do patrimonio cultural, paralizaranse as obras no sector afectado, sendo necesario proceder a definir estratexias técnicas e arqueolóxicas que garantan salvagarda dos bens e que deberán ser aprobadas pola DXPC.
- Os traballos de control e seguimento arqueolóxico serán realizados por parte dun equipo de arqueólogos debidamente autorizados pola administración competente.
- Roza previa ás accións construtivas e prospección sobre o lugar anterior ao comezo das obras, nas zonas actualmente cubertas de maleza e vexetación.

Como **documentación complementaria ao EIA**, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, achégase o documento nomeado "*Documento anexo al estudio de impacto sobre bienes culturales del parque eólico Suime en el término municipal de Rodeiro (Pontevedra). Estudio de impacto visual*", en adiante estudo de impacto visual, no que se inclúen recreacións infográficas da afección visual, desde varios puntos do Camiño de Santiago e desde o Pazo de Lamazares.

Proxecto sectorial:

- O proxecto de interese autonómico redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Suime.
- O apartado 3.5 do documento, titulado *Protecciones culturales*, recolle que o proxecto de parque eólico deberá contar con unha avaliación de impacto cultural e un programa de actuacións arqueolóxicas compatible co plan de obra de cara a protexer e conservar os xacementos arqueolóxicos.
- O apartado 10.2 dedícase a identificar a cualificación do solo sobre o que se implantará o parque. Fanse unhas valoracións en base á lexislación vixente, e caracteriza os terreos sobre os que se implantará o parque como solo non urbanizable común ou solo rústico. Establécense varias subcategorías, como son o solo rústico de protección forestal e o solo rústico de protección agropecuaria. Non se contempla o solo rústico de protección de patrimonio cultural, aínda que nos planos de clasificación urbanística si se recolle.
- Como anexo 5 do proxecto sectorial, inclúese a memoria do Estudo de impacto ambiental (EIA),





onde se recollen as táboas cos elementos patrimoniais, valoración de impacto e medidas correctoras, resultado dos traballos da prospección arqueolóxica incluída no anexo IX do EIA.

- Os planos de ordenación referidos ao planeamento urbanístico e ao Plan Básico Autonómico (PBA) non contemplan a totalidade de bens de patrimonio cultural recollidos no EIPC.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico, os visores do Instituto de Estudos do Territorio, e o planeamento municipal constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na *Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais* do Anexo IX do EIA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- A superficie da poligonal do parque acada as 1.169 hectáreas. A superficie que resulta de calcular o perímetro de 200 m das obras do parque acada un total de 307,7 ha. A prospección arqueolóxica na que se baseou a avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural realizouse en dúas xornadas de traballo de campo (malia estar contempladas sete no proxecto autorizado), e só abrangueu as áreas de implantación do parque e o devandito perímetro de 200 metros. Para valorar o ámbito da poligonal do parque non se indica cal foi o tipo de abordaxe e se utilizouse algunha ferramenta metodolóxica de apoio á prospección, para contextualizar o ámbito das obras.
- Respecto ao **patrimonio arqueolóxico**:
 - O listado de bens de patrimonio arqueolóxico incluídos na poligonal do parque non está completo, e faltan os seguintes: Os Chousiños (GA36047030), A Mámoa de Salgueiros (GA36047041), a Mámoa da Ladeira da Fonte (GA36047042), A Mámoa de Coto Costoia (GA36047043), A Mámoa de Coto do Antón (GA36047045), A Mámoa de Chousa Nova (GA36047046), O Agro do Campo de Rodeiro (GA36047049), Val de Abaixo (GA36047050), as Mámoas 2, 3, 4 e 5 dos Salgueiros (GA36047109, GA36047110, GA360471011, GA36047158), a Mámoa de Tangaferros (GA36047118), a Mámoa do Val de Xamea (GA36047119), a Mámoa de Lamazares 1 (GA36047145), a Mámoa de Lamazares 2 (GA36047146), a Mámoa de Borriquiteiro (GA36047147), os Túmulos 1, 2, 3 e 4 das Piñeiras (GA36047148, GA36047149 e GA36047150 e GA36047151), o asentamento dos Salgueiros (GA36047159), e o Petróglifo 1 e 2 de Salgueiros (GA36047160, GA3604761). Todos estes bens localízanse a unha distancia superior aos 200 metros das obras previstas.
 - Ocasionalmente, as fichas recollen o estado actual dos elementos (coma o elemento inédito documentado Mámoa 3 de Lamazares), pero noutros casos só recollen a información contida nas fichas de catálogo dos planeamentos municipais ou das fichas de inventario depositadas no Servizo de Arqueoloxía. Amais a información exposta ás veces é contraditoria. Por exemplo, podemos ler no apartado "estado actual" recollido nas fichas achegadas para as Mámoas 1 e 2 de Lamazares, que os xacementos están plantados a centeo e ao mesmo tempo, no apartado dedicado á descrición, que están inaccesibles pola presenza de maleza e vexetación. As fichas recollen descrições dos bens que non están actualizadas, cando esta información debe basear as valoracións dos elementos que se fagan e o contexto no que se atopan.
 - O datum do sistema de coordenadas UTM que se indica non é o mesmo en todos os casos. As veces, aparecen recollidas as coordenadas co datum ETRS89 e outras veces co Datum ED50.¹

¹ A respecto da elección do Datum no que deben expresarse as coordenadas, dicir que o título preliminar do Real Decreto 1071/2007 do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España recolle que "O obxecto deste real decreto é a adopción en España do sistema de referencia xeodésico global, ETRS89, substituíndo o sistema xeodésico de referencia rexional ED50 sobre o que actualmente se está compilando toda a cartografía oficial no ámbito da Península Ibérica e as Illas Baleares, e o sistema REGCAN95 no ámbito das Illas Canarias, permitindo unha completa integración da cartografía oficial española cos sistemas de navegación e a cartografía doutros países europeos."





- Pese a aparecer en ficha e no listado de bens o xacemento da Mámoa de Salgueiros-Augalevada 3, non aparece reflectido na planimetría xa que a escala á que se representan as obras a penas acolle un extremo do contorno de protección do conxunto de Salgueiros-Augalevada. A planimetría do EIPC recolle só o límite norte e oeste do contorno de protección do conxunto de Salgueiros-Augalevada e non se avalían os impactos sobre os bens que o conforman. A representación parcial deste conxunto na planimetría é insuficiente para comprender a relación entre os bens que conforman este conxunto e as obras previstas.
- En canto ao xacemento inédito, denominado Mámoa 3 de Lamazares, aparece representado na cartografía cunhas dimensións de 45 metros de diámetro, aínda que na ficha correspondente as dimensións son de 20 metros. O contorno de protección do ben que se grafa, ascende a un diámetro de 200 metros a partir do límite exterior dun túmulo de 50 metros. Asemade, o ben está representado cun punto de recheo sólido.
- No EIPC expónse que a presenza de vexetación na superficie que será ocupada pola plataforma do aeroxerador AE2 non permitiu revisala. Non se indica se existen máis zonas afectadas polas obras nas que a presenza de vexetación non permitise revisalas. Segundo se observa nalgúns fotografías da documentación, pódese ver que algunhas zonas están cubertas dunha mesta vexetación de matogueira e toxos, aspecto que puido condicionar o traballo de campo por seren zonas de difícil revisión dadas estas condicións. A este respecto hai que ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces oculto por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de outros bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios e que son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.
- En relación co anterior, e logo de revisar as capas LIDAR e o plano de pendentes, pódese constatar a presenza de varias anomalías no terreo, dentro e fóra do perímetro de 200 metros das obras do parque, que son susceptibles de ser túmulos neolíticos. As coordenadas UTM destas anomalías son:
 - X=587208,Y=4725076
 - X=587499,Y=4724782
 - X=587117,Y=4726136
 - X=586101,Y=4725359
- No EIPC referéncianse os resultados a unha serie de puntos quilométricos que non se poden identificar na planimetría que se achega no documento.
- A execución dos 7.367 metros de vieiros do parque supón reutilizar camiños ou pistas existentes de moi diversa natureza. Para executar estes vieiros, segundo se desprende do EslA e da planimetría contida nos seus distintos anexos, é preciso executar sobreanchos, terrapléns, desmontes ou drenaxes, que en ocasións fan que os vieiros do parque acaden anchos de 16 metros ou máis. En ocasións os camiños preexistentes trátanse de pistas ou estradas asfaltadas, mais noutros casos trátanse de pistas forestais que non superan un ancho de dous metros. En ocasións, execútanse tramos de vieiros de nova apertura como son os accesos aos aeroxeradores.
- O vieiro entre os aeroxeradores AE4 e AE7 e a plataforma do aeroxerador AE4 supón executar obras que ocuparán unha superficie de 9.500 metros cadrados. As obras deste vieiro inclúen parcialmente a realización de obras de nova apertura, como a rectificación dunha curva (que suporá a remoción de terras nunha superficie de 2.500 metros cadrados) e executar unha plataforma do aeroxerador que suporá a remoción de arredor de 6.000 metros cadrados.
- As obras do vieiro principal do parque e o aeroxerador AE4 localízanse nun espazo intermedio a dúas necrópoles neolíticas, as denominadas necrópole de Salgueiros-Augalevada e a de Lamazares. A necrópole de Lamazares está composta por tres túmulos (un inédito que foi localizado durante as tarefas de prospección do parque), e a de Salgueiros está composta por un xacemento de tipo habitacional, seis túmulos (algún deles desaparecido), e dous



petróglicos con representacións de covañas. O planeamento municipal non estableceu un contorno de protección común que puidese poñer en relación ambos conxuntos de elementos e os contornos destes aparecen grafados de forma independente.

- No EIPC non se fai ningún tipo de valoración sobre a relación entre ambos conxuntos. De feito, ao atoparse algún dos túmulos e petróglicos a máis de 200 metros do perímetro das obras do parque, nin sequera aparecen reflectidos no EsIA nin no EIPC e na súa planimetría. Porén, para o caso da necrópole de Salgueiros-Augalevada, o contorno de protección grafado no PXOM acolle a todo un conxunto de bens. A escolla de grafar xuntos a estes elementos está en coherencia co feito de que conforman unha unidade que debería ser tida en conta á hora de avaliar os impactos sobre os bens, xa que as infraestruturas do parque son limítrofes ao contorno de protección grafado para este conxunto.
- Polo tanto, hai que dicir que estamos ante un espazo de alta potencialidade arqueolóxica, caracterizado pola presenza de dúas necrópoles tumulares que poderían estar en relación con dous petróglicos e un xacemento habitacional, e que teñen preto as obras proxectadas do vieiros entre o AE4 e o AE7, ademais da plataforma do AE4. Existen numerosos exemplos dentro da práctica arqueolóxica recente nos que é habitual a aparición de elementos arqueolóxicos na contorna dos contextos neolíticos. Poden tratarse de elementos vinculados á propia construción dos monumentos funerarios, coma os aparecidos no Dolmen de Dombate (GA15014004), ou tamén poboados con fondos de cabanas de cronoloxía prehistórica, realizados con materiais perecedoiros (xacementos como o da Pataqueira -GA27040134-, Valouco -GA15093099-, ou A Piolla -GA15004060-)

Na zona concreta na que se propón construír o parque, atopamos exemplos da aparición de xacementos de época prehistórica na contorna de necrópoles neolíticas. Por exemplo, no ano 2020, a uns 1400 metros ao norte da poligonal, documentouse a aparición de diversas estruturas que foron consideradas como parte dun asentamento habitacional (dous fondos de cabana e fosas de diversa tipoloxía²). A aparición deste xacemento produciuse durante as tarefas de control e seguimento establecidas no contorno de protección da necrópole neolítica de Abelán (GA36047172).

Outra das intervencións que deu resultados positivos na contorna da poligonal localízase a 1300 metros ao sur do seu límite. A aparición do novo xacemento realizouse durante unha actuación preventiva de sondaxes arqueolóxicas manuais, formulada no contorno de protección da necrópole neolítica de Lama de Mena. Derivado dos resultados positivos destas sondaxes, realizouse unha escavación arqueolóxica en área que documentou a presenza de estruturas e restos materiais de cronoloxía prehistórica.³

Este tipo de xacementos, caracterízanse por constituír un rexistro de evidencias moi fráxil e complexo de detectar, polo que a escala da actividade de control arqueolóxico non é a máis axeitada como medida preventiva, xa que a observación do movemento de terras executado por maquinaria pesada practicamente invalida a detección deste tipo de bens.

Por iso, é frecuente que para a correcta detección se estableza como medida correctora a retirada da capa vexetal por medios mecánicos mediante o uso de retroescavadoras de rodas de goma, dotadas de cazo de limpeza e baixo supervisión arqueolóxica. Os resultados desta técnica adoitan ser utilizados nos contextos da obra pública de certa envergadura, dado que se trata de avaliar superficies amplas (vieiros, eixos ferroviarios,...), como é o caso das obras do vieiros e a plataforma ás que se pode facer un achegamento mediante esta medida preventiva.

- 2 Derivado desta intervención confirmouse a existencia dun novo xacemento arqueolóxico, de carácter habitacional, denominado Xacemento de Abelán con código GA36047181. Non se determinaron os límites deste asentamento xa que só se interviu na zona onde se ía ampliar unha explotación gandeira que promovía a intervención.
- 3 Derivado desta intervención confirmouse a existencia dun novo xacemento arqueolóxico, de carácter habitacional, denominado Xacemento de Abelán con código GA36047165. A extensión e os límites deste asentamento non puideron ser determinados xa que a escavación limitouse só á zona de construción da explotación gandeira que promovía a actuación.



- Respecto ao **patrimonio arquitectónico e etnolóxico**:

- Entre os elementos do patrimonio cultural da zona onde se proxecta o parque eólico cómpre resaltar o Camiño de Santiago, **Camiño de Inverno**, que discorre por dentro da poligonal do parque eólico a pouco máis de 800 m de distancia do aeroxerador máis próximo (AE7). O Camiño de Inverno é unha das rutas principais do Camiño de Santiago recoñecidas no artigo 73 da LPCG que, conforme ao artigo 75, ten a consideración ben catalogado coa categoría de territorio histórico.

A pesar de que discorre por dentro da poligonal, o Camiño de Inverno non figura entre os bens identificados no anexo IX de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural.

Os aeroxeradores do parque eólico sitúanse en cumes nas que poden resultar visibles desde o tramo do Camiño entre a baixada do Alto do Faro e o lugar de Feira. Ao longo de varios quilómetros o peregrino divisará as máquinas do parque eólico Suime, que se sumarán ás existentes doutros parques en funcionamento, de menor envergadura que as agora proxectadas.

Na análise da documentación complementaria achegada o 01.03.2022, estudo do impacto visual, compróbase que desde o Camiño de Santiago, a presenza dos aeroxeradores é relevante na paisaxe que acompaña ao peregrino, menoscabando os seus valores culturais, sobre todo a presenza dos aeroxeradores A04 e A07 que son os máis próximos, a uns 880 e 820 m respectivamente.

- Outro ben localizado na zona de implantación do parque eólico é o **Pazo de Lamazares**, no lugar do mesmo nome que, aínda que non está incluído no catálogo do PXOM de Rodeiro, considérase que posúe un valor cultural relevante e é merecedor de protección. Este elemento quedaría arrodeado polos aeroxeradores AE04 ao oeste e AE07 ao leste, situados a uns 470 e 600 m, respectivamente.

No estudo de impacto visual antedito, inclúense dúas recreacións de carácter infográfico, desde as proximidades do pazo, coa máquina A04 en primeiro plano, na que o seu impacto semella moi relevante. Non se aportan infografías mirando cara a máquina AE07, no que se produciría un impacto visual similar.

- A alternativa seleccionada no EIA para o emprazamento dos aeroxeradores (alternativa 2) resolta máis desfavorable para a protección dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural que a alternativa 1, que se corresponde co deseño reflectido no Documento de inicio, xa que os aeroxeradores, aínda que son 2 menos, agora se sitúan máis próximos ao Camiño de Santiago e ao Pazo de Lamazares, aumentando de xeito significativo a afección visual sobre estes bens.
- Tal como se recolle no Anexo IX, son numerosos os muros de mampostería tradicional, executados coa técnica de pedra en seco, que parcelan fincas e delimitan camiños e inevitablemente se verán afectados polas obras do viario e emprazamento dos aeroxeradores. Correspóndense coa tipoloxía 7 Galicia central formados por chantos e cachotería de xunta seca, segundo a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados da Xunta de Galicia*.

Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

No EIA, no punto 8.3.1.8 *Medio perceptíbel* di que na fase de construción se desmontarán os muros tradicionais nos tramos onde sexa preciso e no punto 9.13.2. *Medidas correctoras* (de restauración e integración paisaxística) indícase que se procederá á reposición dos muros e peches que resulten afectados pola execución das obras, entre os que figuran os muros tradicionais.





Nas medidas correctoras do Anexo IX non se indica se os muros afectados serán repostos, desprazados, rehabilitados..., soamente que sexan documentados.

- Por outra banda, na documentación non se concreta o **acceso ao parque eólico** fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...). Cómpre indicar que estas accións poden afectar a elementos de patrimonio cultural, e, por tanto, cómpre valoralas.
- Respecto ao **proxecto sectorial**, compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e de acordo co ditame do Consello Asesor dos Camiños de Santiago dado na súa sesión do 26.04.2022, que vén a asumir o contido dos informes técnicos, e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, é necesario ter en conta o seguinte:

- Deberán eliminarse os aeroxeradores A04 e A07, que se localizan a menos de 1 km da traza do Camiño de Santiago (Camiño de Inverno), debido a afección visual que orixinan na paisaxe que o arrodea, así como polo forte impacto visual e acústico que ocasionan sobre o Pazo de Lamazares, debido á escasa distancia á que se atopan deste elemento. Poderán recolocarse noutras posicións da alternativa 1 ou noutra zona da poligonal que non afecten aos elementos do patrimonio cultural

O Estudo de impacto ambiental, deberá modificarse para recoller os cambios indicados, así como completalo, corrixilo e modifícalo nos seguintes aspectos:

- En relación co impacto sobre o patrimonio cultural, o EsIA debe completarse con planimetría cuxa definición permita identificar axeitadamente todos os elementos do patrimonio cultural recollidos no estudo de impacto arqueolóxico así como todos os presentes na poligonal e os seus contornos de protección, que deberán definirse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Aportaranse planos de detalle a unha escala axeitada das zonas concretas obxecto de cautela arqueolóxica. Nomeadamente, deberán aparecer na planimetría, polo menos, os bens avaliados no EIPC e os elementos que conforman o conxunto de Augalevada, así como tamén se deben recoller na planimetría definitiva os valos ou peches que van a sufrir impacto crítico e que serán desmontados debido ás obras do parque.
- En canto á planimetría do EIPC:
 - Deberá corrixirse a representación gráfica da Mámoa 3 de Lamazares para que as dimensións do ben sexan as correctas así como tamén se corrixirá a representación do contorno subsidiario do ben. Para a representación dos bens non se utilizarán tramas sólidas. Así, ou ben se representarán os bens con unha liña que marque o seu perímetro, ou ben utilizaranse transparencias que permitan visualizar os elementos da planimetría ou da cartografía que sexa utilizada como mapa base.
 - Dado que as fotografías e outros datos aparecen referenciadas aos PQ, estes deberán ser recoñecibles na planimetría achegada.
- Farase unha descrición actualizada dos bens de patrimonio arqueolóxico incluídos.
- Avaliaranse os efectos sinérxicos das infraestruturas respecto do patrimonio cultural.





- Deberase concretar se houbo máis áreas de implantación do parque que non puidesen ser revisadas en campo polas condicións da vexetación, a maiores da área onde se proxecta a plataforma do aeroxerador AE2.
- Deberán comprobarse en campo as anomalías detectadas nos mapas de altura de obxectos e outros recursos cartográficos dispoñibles en liña.
- Deberase unificar o sistema de referencia de coordenadas UTM, e, por tanto, corrixir as fichas e utilizar o datum ETRS89.
- Entre as medidas correctoras para os elementos do patrimonio cultural incluíranse as seguintes:
 - No replanteo das zonas afectadas polas obras, onde se detecte a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco, estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais que poidan verse afectados polas mesmas. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.
 - Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental, procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.
- Avaliarase o impacto que poidan xerar os accesos ao parque dende a rede de estradas xerais. A avaliación do impacto terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción) e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Sen prexuízo do anterior, adiántanse as seguintes medidas protectoras e correctoras que se deberán ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser continua e presencial no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.





- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Respecto do Proxecto Sectorial:

- Deberán incorporarse as modificacións que se realicen no EslA para que teña correspondencia.
- Deberá contemplarse na planimetría e no texto todos os bens de patrimonio cultural presentes na poligonal do parque eólico, así como os seus contornos de protección.
- Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluíranse e grafaranse os novos elementos patrimoniais recollidos no EIPC (a Mámoa 3 de Lamazares, GA360471829 e o Pazo de Lamazares), e, á espera dunha delimitación de protección específica, o contorno de protección destes definírase de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo, establecerase a clasificación de solo rústico de protección patrimonial no seu contorno de protección.
- O Concello de Rodeiro deberá integrar os novos bens patrimoniais Mámoa 3 de Lamazares (GA360471829) e Pazo de Lamazares no seu catálogo urbanístico de protección e na súa planimetría de ordenación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

